CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: FIXACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ABEGONDO DURANTE A FOLGA DO DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2026
EXPEDIENTE: 2026/G003/000759

ANTECEDENTES DE FEITO
Primeiro.- Diversas organizacións sindicais teñen convocada unha xornada de folga xeral para o día 11 de novembro de 2026, que afectará ao persoal das administracións públicas e dos distintos sectores de actividade.

Segundo.- A convocatoria de folga pode afectar ao funcionamento dos servizos públicos municipais, polo que resulta necesario adoptar as medidas imprescindibles para garantir a prestación daqueles servizos que teñen carácter esencial para a comunidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE
A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Real decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo, atribúe á autoridade gobernativa a adopción das medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos esenciais.
- Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que regúlanse os servizos sociais comunitarios e o seu
- financiamento.
- Orden da Vicepresidencia da Igualdade e do Bienestar de 22 de xaneiro de 2009, pola que regúlase o
- servizo de axuda a domicilio.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

FUNDAMENTOS DE DEREITO
Primeira.- O dereito fundamental de folga está recoñecido no artigo 28.2 da Constitución española, que establece que a lei que regule o exercicio deste dereito deberá establecer as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Segunda.- O artigo 10 do Real decreto-lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo, atribúe á autoridade gobernativa a adopción das medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos esenciais.

Terceira.- A determinación dos servizos mínimos debe responder a criterios de proporcionalidade, necesidade e adecuación, de maneira que se limite o exercicio do dereito de folga unicamente na medida indispensable para garantir os dereitos e intereses da cidadanía que poidan verse afectados.

Cuarta.- No caso do Servizo de Axuda no Fogar, resulta necesario garantir a atención das persoas usuarias que, pola súa situación de dependencia, idade, discapacidade ou falta de autonomía persoal, precisen atención inescusable para cubrir as súas necesidades básicas, especialmente cando carezan de apoio familiar ou doutras alternativas de atención.

Quinta.- No relativo á Escola Infantil Municipal, cómpre atender as necesidades de protección, seguridade e coidado das persoas menores, tendo en conta as características do servizo, a idade dos nenos e nenas e as necesidades de atención que poidan existir durante a xornada de folga.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [https://sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

CVD: pHenQJjnDe6Oxt5OObjP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.abegondo.gal/

CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

Sexta.- En relación co servizo de abastecemento de auga potable, debe asegurarse a continuidade da subministración, así como a atención das avarías, incidencias e actuacións urxentes que poidan comprometer a salubridade pública ou a dispoñibilidade de auga para a poboación.

Sétima.- Os servizos mínimos que se establecen deben limitarse ao persoal estritamente necesario para garantir estas prestacións esenciais, evitando que a súa determinación supoña unha restrición desproporcionada do dereito fundamental de folga.

Sendo necesario proceder a fixar uns servizos mínimos para garantir o mantemento dos servizos esenciais do Concello de Abegondo e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**

Primeiro.- Establecer, con carácter residual e complementario, para a xornada de folga xeral do día 11 de novembro de 2026, os seguintes servizos mínimos municipais, exclusivamente na medida en que non estean xa determinados pola autoridade gobernativa competente e sempre dentro do ámbito das atribucións municipais:

a) Rexistro municipal

Un/unha funcionario/a

b) Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Establécese como servizo mínimo a presenza de nove auxiliares de axuda no fogar, que prestarán atención ás persoas usuarias que precisen asistencia inescusable para a cobertura das súas necesidades básicas, especialmente aquelas que vivan soas ou carezan de apoio familiar e para as que a interrupción do servizo poida supoñer un risco para a súa saúde, seguridade ou integridade persoal.

b) Escola Infantil Municipal

Dúas persoas traballadoras de persoal de atención directa aos nenos/as, que garantan a apertura e peche dos centros ao longo da xornada. Nas escolas de dúas ou mais unidades abertas haberá ademais unha persoa de atención directa por cada unha das unidades que teña a escola en funcionamento.

- Cinco profesionais

c) Servizo de abastecemento e concesión de augas

Establecer coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos mínimos esenciais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Abegondo á concesionaria da explotación do servizo que designe ao persoal técnico necesario e suficiente para atender a posibles incidencias no normal funcionamento do servizo.

Segundo.- Os servizos mínimos establecidos nesta resolución teñen carácter obrigatorio e deberán ser atendidos polo persoal que sexa designado para tal efecto, respectando en todo caso o dereito individual de folga do resto do persoal.

Terceiro.- A designación concreta das persoas traballadoras que deban atender os servizos mínimos efectuarase polos responsables de cada servizo ou, de ser o caso, pola empresa concesionaria, garantindo que a adscrición do persoal se realice conforme a criterios obxectivos e proporcionados.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [https://sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

CVD: pHenQJjnDe6Oxt5OObjP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.abegondo.gal/

CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

Cuarto.- Os responsables dos distintos servizos municipais deberán adoptar as medidas organizativas necesarias para garantir o cumprimento dos servizos mínimos establecidos nesta resolución, sen que en ningún caso poida utilizarse esta determinación para realizar unha prestación ordinaria do servizo allea ás necesidades esenciais que xustifican a súa fixación.

Quinto.- Notificar esta resolución ás organizacións sindicais convocantes da folga e aos representantes legais do persoal municipal, así como aos responsables dos servizos afectados e á empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga.

Sexto.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e nos demais medios de difusión municipais que procedan, para xeral coñecemento.

Sétimo.-Os responsables dos departamentos afectados colaborarán para resolver cantas dificultades poidan xurdir no desenvolvemento dos servizos mínimos así como a achega de datos estatísticos cando sexan solicitados, cumprimentando a relación do persoal que non asista ao traballo o día 11.11.2026, aos efectos dos descontos correspondentes, garantindo a prestación dos servizos necesarios para a seguridade das persoas, mantemento de locais, maquinaria, instalacións e o exercicio do dereito ao traballo.

RECURSOS: Contra o referido acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ante este órgano no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto. Podendo utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Abegondo, na data que figura na marxe

O que resolve. Dando fe, o secretario da corporación

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Iago Manuel Bermejo Varga

CVD: pHenQJjnDe6Oxt5OObjP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.abegondo.gal/

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [https://sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.